

1.- En que artigo da Constitución Española defínese ao Estado como "social e democrático"?

- A. Artigo 1.
- B. Artigo 10.
- C. Artigo 14.
- D. Artigo 170.

2.-De conformidade co artigo 8 da Constitución Española, as Forzas Armadas están constituídas por:

- A. Exército de Terra, a Armada e o Exército do aire.
- B. As forzas integradas na OTAN.
- C. Todos os corpos e forzas de seguridade do Estado.
- D. Policía Nacional e Garda Civil.

3.- Cal dos seguintes principios non se recolle no artigo 9.3 da Constitución Española?

- A. A xerarquía normativa.
- B. A publicidade das normas.
- C. A seguridade xurídica.
- D. A soberanía nacional.

4.- O artigo 18 da Constitución Española, a que se refire?:

- A. Liberdade relixiosa.
- B. Liberdade de culto.
- C. Dereito á honra.
- D. Dereito de asociación.

5.- Que artigo da Constitución Española establece no seu apartado segundo que “así mesmo, todos teñen dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei, á defensa e á asistencia de letrado, a ser informados da acusación formulada contra eles, a un proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, a utilizar os medios de proba pertinentes para o seu defensa, a non declarar contra si mesmos, a non confesarse culpables xa a presunción de inocencia?:

- A. Artigo 22 da Constitución Española.
- B. Artigo 23 da Constitución Española.
- C. Artigo 24 da Constitución Española.
- D. Artigo 25 da Constitución Española.

6.- O principio de legalidade consagrado no artigo 25.1 da Constitución Española establece exactamente que:

- A. Ninguén poder ser condenado ou sancionado por accións ou omisión que no momento de producirse non constitúan delito grave, falta ou infracción administrativa estatal, segundo a lexislación vixente naquel momento.
- B. Ninguén pode ser condenado ou sancionado por omisións que no momento de producirse non constitúan delito, falta ou infracción administrativa estatal, con exclusión das autonómicas ou das entidades locais, segundo a lexislación vixente naquel momento.

C. Ninguén pode ser condenado ou sancionado por acción ou omisións impropias que no momento de producirse no constitúan delito, falta ou infracción administrativa estatal ou autonómica, con exclusión das locais, segundo a lexislación vixente naquel momento.

D. Ninguén pode ser condenado ou sancionado por acción ou omisións que no momento de producirse no constitúan delito, falta ou infracción administrativa, segundo a lexislación vixente naquel momento.

7.- Segundo qué artigo, os españois teñen o dereito e o deber de defender a España?:

- A. Artigo 30 da Constitución.
- B. Artigo 25 da Constitución.
- C. Artigo 30 do Código Penal.
- D. Artigo 35 da Constitución.

8.- A Constitución Española reconece o dereito á propiedade privada e á herdanza no:

- A. Artigo 138.
- B. Artigo 14.
- C. Artigo 33.
- D. Artigo 9.

9.- Segundo o Artigo 54 da Constitución Española, a designación do Defensor do Pobo correspóndelle:

- A. Ao Presidente do Senado.
- B. Ás Cortes Xerais.
- C. Ao Rei como Xefe do Estado.
- D. Ao Consello de Ministros.

10.- Segundo o Artigo 66.1 da Constitución Española as Cortes Xerais están formadas por:

- A. O Congreso dos Deputados, o Senado e as Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas.
- B. O Congreso dos Deputados e as Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas.
- C. O Congreso dos Deputados, o Senado, as Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas e os Plenos dos Concellos.
- D. O Congreso dos Deputados e o Senado.

11.-A Constitución no seu Artigo 71, recolle que:

- A. Os Deputados e Senadores gozarán de inviolabilidade polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.
- B. As Cámaras reuniranse anualmente cada dous anos.
- C. O Congreso dos Deputados é a Cámara Alta.
- D. O Senado componse dun mínimo de 300 e dun máximo de 400 Deputados.

12.- Segundo o artigo 122 da Constitución Española, o Consello Xeral do Poder Xudicial:

- A. Está integrado polo Presidente do Goberno, que o presidirá, e por vinte membros nomeados polo Rei por un período de cinco anos
- B. Está integrado polo Presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por vinte membros nomeados polo Rei por un período de cinco anos.
- C. Está integrado polo Presidente do Tribunal Constitucional, que o presidirá, e por vinte membros nomeados polo Rei por un período de cinco anos.
- D. Está integrado polo Presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por vinte membros nomeados polo Rei por un período de dez anos.

13.- Segundo o artigo 123 da Constitución Española, o Tribunal Supremo, con xurisdición en toda España, é o órgano xurisdiccional superior en todas as ordes:

- A. Salvo o disposto en materia de garantías constitucionais.
- B. Salvo o disposto en materia de competencia do Tribunal de Contas.
- C. Salvo o disposto en materia de extradición.
- D. Salvo o disposto en materia de procedemento administrativo.

14.- O artigo 126 da Constitución Española, dispón que a Policía Xudicial nas súas funcións de investigación do delito e descubrimento e aseguramento do delincuente:

- A. Depende do Ministerio de Interior.
- B. Depende do Tribunal Supremo.
- C. Depende dos Xuíces e Tribunais.
- D. Depende dos Xuíces e Tribunais e do Ministerio Fiscal.

15.- Segundo o artigo 15.2 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros e será nomeado:

- A. Polo Presidente da Comisión Europea.
- B. Polo Presidente do Estado.
- C. Polo Rei.
- D. Polo conselleiro con máis antigüidade.

16.- Segundo o artigo 11.5 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, unha lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento para a elección dos seus membros, fixando o seu número entre:

- A. 60 e 80.
- B. 70 e 80.
- C. 60 e 70.
- D. 60 e 90.

17.- Segundo o artigo 138.2 da Constitución Española, as diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas:

- A. Poderán implicar, nalgún caso, privilexios económicos ou sociais.
- B. Poderán implicar, sempre, privilexios económicos ou sociais.
- C. Non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais.

D. Non poderán implicar, agás algunhas excepcións, privilexios económicos ou sociais.

18.- Segundo o artigo 36 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Estado:

- A. A transferencia de competencias asumidas neste Estatuto.
- B. A delegación de competencias asumidas neste Estatuto.
- C. A transferencia ou delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.
- D. A transferencia ou delegación de competencias asumidas neste Estatuto.

19.-Segundo o artigo 35.3 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Goberno que celebre e presente, se é o caso, ás Cortes Xerais para a súa autorización, os tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña particulares vínculos,

- A. Exclusivamente culturais.
- B. Culturais ou lingüísticos.
- C. Exclusivamente lingüísticos.
- D. Históricos ou xurídicos.

20.- Segundo o artigo 81.2 da Constitución, as leis orgánicas requiren para a súa aprobación un determinado quórum do Congreso dos Diputados, cal?

- A. Dous terzos dos membros presentes.
- B. Maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto .
- C. Maioría simple do número de membros de dereito.
- D. Dous terzos do número de feito e en todo caso maioría absoluta do número legal de membros.

21.- Segundo o artigo 121.1 da Lei 39/2015 (LPAC) contra qué actos pode interpoñerse recurso de alzada?.

- A. Contra os actos administrativos poñan fin á vía administrativa.
- B. Contra os actos administrativos que non poñan fin á vía administrativa.
- C. Contra os actos dictados polos órganos superiores da Administración.
- D. Contra os actos dictados polos órganos inferiores da Administración.

22.- En virtude do artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ten capacidade de obrar nun procedemento administrativo:

- A. Calquera cidadán maior de idade, en todo caso.
- B. Calquera cidadán que non ostente capacidade de obrar conforme as normas civís.
- C. Os menores de idade incapacitados, en todo caso.
- D. As persoas físicas ou xurídicas que ostenten capacidade de obrar conforme as normas civís.

23.- En virtude do artigo 54 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os procedementos administrativos inicianse:

- A. Exclusivamente cando o estableza a presidencia de goberno.
- B. Exclusivamente de oficio.
- C. De oficio ou a solicitude do interesado.
- D. Exclusivamente a solicitude de persoa interesada.

24.- Segundo o artigo 6 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, as entidades locais serven con obxectividade os intereses públicos que lles están encomendados e actúan, con sometemento pleno á Lei e ao dereito, de acordo cos principios de:

- A. Eficiencia, descentralización, desconcentración e coordinación.
- B. Eficacia, descentralización, desconcentración e organización.
- C. Eficiencia, centralización, desconcentración e coordinación.
- D. Eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación.

25.- O artigo 11 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, establece que son elementos do Municipio:

- A. O patrimonio, as infraestruturas e a organización.
- B. O alcalde e os concelleiros.
- C. O territorio, a poboación e a organización.
- D. A organización, o censo e os concelleiros.

26.- Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, dos servizos seguintes, cales se consideran obrigatorios para os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes?:

- A. Tratamento de residuos.
- B. Protección civil.
- C. Medio ambiente urbano.
- D. Instalacións deportivas de uso público.

27.- Segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, a aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas corresponde:

- A. Ao Alcalde.
- B. Aos Concelleiros.
- C. Ao Pleno municipal nos Concellos, e á Asemblea veciñal no réxime de Concello Aberto.
- D. Á Xunta de goberno local.

28.- En que artigo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento?:

- A. 21.
- B. 23.
- C. 27.
- D. 30.

29.-De acordo ao establecido no artigo 48 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (RD 5/2015, do 30 de outubro), cal dos seguintes non é un permiso dos funcionarios públicos:

- A. Por traslado de domicilio sen cambio de residencia.
- B. Por asuntos particulares.
- C. Por matrimonio.
- D. Por lactación dun fillo maior de 12 meses.

30.-Os funcionarios terán dereito a gozar, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas, de acordo ao establecido no articulo 50.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público de:

- A. 26 días hábiles.
- B. 22 días hábiles.
- C. 24 días hábiles.
- D. 30 días hábiles.

31.- O artigo 55.1 do EBEP, establece que todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo aos principios constitucionais de:

- A. Igualdade, mérito e profesionalidade.
- B. Igualdade, mérito e competencia.
- C. Igualdade, mérito e capacidade.
- D. Igualdade, mérito e discrecionalidade.

32.- O artigo 88 da Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais, establece que os vixiantes municipais realizarán funcións de:

- A. Custodia e vixilancia de bens, servizos e instalación.
- B. Efectuar dilixencias de prevención que eviten a comisión de actos delituosos.
- C. Cooperar na resolución de conflitos públicos.
- D. Instruír atestados por accidentes de circulación.

33.- O artigo 88 da Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais, establece que os vixiantes municipais terán a condición de:

- A. Funcionario interino.
- B. Persoal laboral fixo.
- C. Persoal laboral temporal.
- D. Funcionario de carreira.

34.- O ámbito de actuación dos vixiantes municipais será: (artigo 90 Lei 4/2007)

- A. Termo municipal e concellos limítrofes.
- B. Provincia.
- C. Concello ao que pertencen.
- D. Núcleo urbano do concello.

35.- Indique cal dos seguintes supostos non é unha circunstancia atenuante del artigo 21 do Código Penal:

- A. O que, por sufrir alteración na percepción desde o nacemento ou desde a infancia, teña alterada gravemente a conciencia da realidade.
- B. A de proceder o culpable, antes de coñecer que o procedemento xudicial diríxese contra el, a confesar la infracción ás autoridades.
- C. A dilación extraordinaria e indebida na tramitación del procedemento, sempre que no sexa atribuíble ao propio inculpado e que non garde proporción coa complexidade da causa.
- D. A de obrar por causas ou estímulos tan poderosos que producen arrebatado, obcecación u outro estado pasional de entidade semellante.

36.- Ser ou ter sido o agraviado cónxuxe ou persoa que estea ou estivese ligada de forma estable por análoga relación de afectividade, ou ser ascendente, descendente ou irmán por natureza ou adopción do ofensor ou do seu cónxuxe ou convivinte:

- A. É exclusivamente unha circunstancia atenuante.
- B. É exclusivamente unha circunstancia agravante.
- C. É circunstancia que pode atenuar ou agravar a responsabilidade.
- D. Non é circunstancia agravante nin atenuante.

37.- O delito de abandono do lugar do accidente regulado no artigo 382 bis do Código Penal esixe para a súa aplicación:

- A. Que concorra risco para a vida de terceiros.
- B. Que se produza en todo caso un resultado de morte.
- C. Que o suxeito activo sexa o causante do accidente.
- D. Que as lesións sexan constitutivas de delito leve.

38.- Segundo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, a obriga de someterse ás probas de determinación do grao de impregnación alcólica:

- A. Non vulnera o dereito a non confesarse culpable.
- B. Só existe se o condutor presenta síntomas de ebriedade.
- C. Implica unha privación de liberdade mentres se practica.
- D. É desproporcionada, pois existen medidas menos gravosas para detectar a presenza de alcol no organismo.

39.-Segundo o teor literal do artigo 384 do Código penal, comete delito o condutor de vehículo de motor ou ciclomotor que:

- A. Está en posesión dun permiso caducado por non realizar os trámites necesarios para a súa renovación.
- B. Presenta un permiso estranxeiro non homologado en España.
- C. Realiza a conducción despois de que se lle privase cautelar ou definitivamente do permiso ou licenza por decisión xudicial.
- D. Presenta un permiso que o habilita para conducir un vehículo de distinta categoría.

40.- Segundo o artigo 76 do RD 6 / 2015 son infraccións graves:

- A. Circular cun vehículo que non cumpra as condicións técnicas que afectan gravemente a seguridade viaria.
- B. Non manter unha distancia de seguridade do vehículo dianteiro.

- C. Provocar danos nas infraestruturas viarias ou alteracións na circulación por mor da masa ou dimensións do vehículo cando falta a correspondente autorización administrativa.
- D. Andar en bicicleta sen empregar iluminación regulamentaria.

41.- Segundo o artigo 7 do RD 6 / 2015, corresponde aos municipios:

- A. A regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, a través dos seus propios axentes, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a denuncia das infraccións cometidas nas devanditas vías e a sanción das mesmas cando non se atribúan expresamente a outra Administración.
- B. A regulación, mediante a ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías interurbanas, facendo compatible a distribución equitativa dos estacionamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas.
- C. A inmovilización de vehículos en vías urbanas cando teñan un título que permita estacionar en zonas limitadas no tempo ou exceda a autorización outorgada, ata que se logre a identificación do seu condutor
- D. A autorización de eventos deportivos cando se desenvolvan total e exclusivamente pola zona urbana incluíndo cruces.

42.- Segundo o anexo I do RD 6/2015 teñen a condición de ciclomotor:

- A. Vehículos de catro rodas cuxa masa sen carga é igual ou superior a 350 kg, sen incluír a masa de baterías para vehículos eléctricos.
- B. Vehículos de catro rodas cuxa potencia continua nominal máxima é inferior ou igual a 4KW para motores eléctricos.
- C. Vehículos de tres rodas cuxa potencia continua nominal máxima é maior ou igual a 4KW para motores eléctricos.
- D. Vehículos de catro rodas cuxa masa sen carga é igual a 350 kg, incluída a masa de baterías para vehículos eléctricos.

43.- Segundo o artigo 37 da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobada polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, está prohibido adiantar:

- A. Nas interseccións salvo que se adiante a vehículos de dúas rodas.
- B. Nas interseccións e nas súas proximidades, excepto cando a estrada pola que se fai ten prioridade na intersección e aínda que non haxa sinal expreso que o indique.
- C. Ás bicicletas cando estean inmovilizadas nun tramo da vía onde está prohibido o adiantamento, ocupando toda ou parte da estrada no sentido da marcha e sempre que a inmovilización responda ás necesidades do tráfico.
- D. En curvas e cambios de rasante con visibilidade reducida sempre.

44.- Segundo o artigo 94 do RD 1428/2003, está prohibido parar:

- A. En curvas e cambios de cota de visibilidade reducida, nas súas proximidades e nos túneles, pasos inferiores e tramos de estradas afectadas polo sinal «Túnel».
- B. Nos carrís ou parte das vías que non estean reservadas para a circulación ou ao servizo de determinados usuarios.

- C. Sempre en interseccións e nas súas proximidades ou en estradas interurbanas.
- D. Nos pasos de peóns sempre que haxa un sinal vertical.

45.- Segundo o establecido no RD 1428/2003, que aproba o RGC, os que usan skates, patíns ou dispositivos similares:

- A. Poderán circular pola estrada sempre que o fagan a unha velocidade adecuada e coa debida atención.
- B. Non poderán circular pola estrada, agás no caso de zonas, estradas ou partes destas especialmente destinadas a elas.
- C. Poden circular pola estrada o máis preto do bordo desta e cunha velocidade adecuada ás circunstancias da estrada.
- D. Nunca poderán circular pola estrada se está en máis dun sentido de circulación.

46.- Todos os usuarios da vía implicados nun accidente de tráfico deberán, segundo o establecido no RD 1428/2003, que aproba o RGC, na medida do posible:

- A. Nunca faga un esforzo por restaurar ou manter a seguridade do tráfico, xa que esta función non lle corresponde e, polo tanto, pode poñer en risco a outros usuarios da vía.
- B. Establecer unha orde de preferencias, en función da situación, respecto ás medidas que se adoptarán.
- C. Pedir axuda a outros condutores, procurando non pór en risco a seguridade do tráfico.
- D. Notifique sempre ao seu camión de remolque seguro, se é necesario, para retirar o vehículo canto antes e, a continuación, observe as circunstancias do accidente e tome o resto das medidas necesarias.

47.- Segundo o RD 1428/2003, que aproba o RGC, os usuarios deben cumprir as indicacións dos semáforos e sinais de tráfico situados de inmediato:

- A. Á súa esquerda se existen e doutro xeito os da súa dereita.
- B. Á esquerda só se pretende continuar recto ou xirar á esquerda, aínda que existan noutros lugares.
- C. Á súa dereita, por riba da estrada ou por riba do seu carril, e se non existen nos lugares mencionados e pretenden xirar á esquerda ou continuar recto, os inmediatamente á súa esquerda.
- D. Á súa dereita só se pretenden xirar á dereita.

48.- En que título da Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación da Policía Local de Galicia está regulada a figura dos vixilantes municipais?

- A. Título V.
- B. Título VI.
- C. Título VII.
- D. Título VIII.

49.- Cantos postos de vixilancia municipal poden, como máximo, crear os concellos nos que non hai policía local?

- A. 2 postos.
- B. 2 postos que se poden ampliar por un máis, se o municipio supera os 2000 habitantes.
- C. 1 posto.
- D. 1 posto que se pode ampliar por un máis se o municipio supera os 2000 habitantes.

50.- Como se denomina “A ciencia ou tratado que se adica aos deberes que guían e regulan unha actividade profesional”?

- A. Ética.
- B. Moral.
- C. Deontoloxía.
- D. Filosofía.

PREGUNTAS DE RESERVA

51.- Que artigo da Constitución Española garante o dereito á vida?:

- A. Artigo 14 da Constitución Española.
- B. Artigo 15 da Constitución Española.
- C. Artigo 16 da Constitución Española.
- D. Artigo 17 da Constitución Española.

52.-Segundo o artigo 53.5 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público (TREBEP), aos empregados públicos impónselles un deber respecto daqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, como se denomina a este deber?

- A. Deber de recusación.
- B. Deber de abstención.
- C. Deber de neutralidade.
- D. Deber de imparcialidade.

53.- Dacordo co artigo 379.2 do Código penal, o que conduza un vehículo de motor ou ciclomotor baixo a influencia de bebidas alcólicas incorrerá en responsabilidade criminal en todo caso:

- A. Cando a taxa de alcol en aire expirado sexa superior a 0,60 miligramos por litro ou en sangue a 1,2 gramos por litro.
- B. Cando a taxa de alcol en aire expirado sexa superior a 0,50 miligramos por litro ou en sangue a 1,2 gramos por litro.
- C. Cando a taxa de alcol en aire expirado sexa superior a 0,60 miligramos por litro ou en sangue a 1,1 gramos por litro.
- D. Cando a taxa de alcol en aire expirado sexa superior a 0,30 miligramos por litro ou en sangue a 1,2 gramos por litro.

54.- Segundo os artigos 24 e 25 da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobada polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, terán prioridade de paso:

- A. Nos tramos de gran inclinación, o vehículo que circula sempre cara arriba.
- B. O condutor dun vehículo con respecto aos peóns no caso de tropas en formación.

- C. O condutor dun vehículo con respecto aos peóns, excepto cando o vehículo cruza un arcén por o que circulan os peóns que non teñen zona peonil.
- D. O condutor do vehículo cando entra noutra estrada o vehículo xira á dereita ou á esquerda se hai un ciclista nas súas inmediacións.

55.- Segundo o establecido na Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación da Policía Local de Galicia, cal das seguintes funcións non desempeñará os vixilantes municipais?

- A. Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico.
- B. Garantir o cumprimento das ordenanzas e leis dentro da súa esfera de competencia.
- C. Vixiar e controlar os bens privados dentro do termo municipal.
- D. Participar en tarefas de asistencia cidadá e protección civil, segundo o disposto na lei.